

C.A.T (CENTRO DE ARTESANÍA TRADICIONAL)**CURSO****CICLO CESTOS DO MAR I: A NASA POLBEIRA****DESCRIPCIÓN DO CURSO:**

Dentro do ciclo “Cestos do mar” e concibido como un curso especializado nunha peza en particular: a nasa polbeira.

A nasa polbeira foi unha das primeiras trampas utilizadas para a captura do polbo, choco, lagosta, anguía, ...

Vimbios, arames, cortiza e corda son os materiais utilizados na súa fabricación, tan distintos dos utilizados nas actuais nasas de ferro e plástico.

OBXECTIVOS:

- Achegamento ao mundo da cestería mediante a aprendizaxe de distintas técnicas tradicionais de trenzado e tecido das fibras vexetais.
- Creación dunha peza de cestería do mar: a nasa polbeira.

PROGRAMA:**1º día:**

Introdución teórica: A cestería do mar: explicación e mostra das distintas pezas que se practicaban no litoral galego, dende as patelas das Rías Baixas, ate os paxes e carabelos da Mariña Lucense, pasando polos cestóns do Morrazo, as cabazas de Noia e os paxes de Carballo, sen esquecer os das nasas e os viveiros.

Clase práctica: O comezo da nasa: presentación dos materiais para a feitura da nasa: molde, vimbios, arames, cortiza, corda e a pedra. Preparación dos arames que formarán a estrutura da nasa, colocación no molde e comezo da nasa.

2º día:

Clase práctica: O Bozo: elaboración e remate da trampa da nasa, o bozo. Comezarase nesta clase cos primeiros e distintos tecidos que se poden aplicar co vimbio, na feitura da peza.

3º día:

Clase práctica: Erguer a nasa: logo de facer a trampa da nasa, continúaase a peza dándosele a volta para erguer así as paredes cunha técnica nova do vimbio chamada telada.

Cada alumno/a decide neste momento tamén a peculiar forma da súa nasa deixando así un espazo para a creatividade persoal respectando a estrutura formal da peza.

4º día:

Clase práctica: O remate da nasa. o remate ven definido pola boca da nasa, parte onde se inserta o corda no peche cos arames e se prepara a tapa de cortiza. Estes materiais poden cambiar, corda por vimbio grosso e cortiza por madeira, segundo os materiais accesibles nese momento. Finalizaremos a peza colocándolle a pedra que funcionará como a chumbada.

DOCENTE:

Rubén Berto Covelo. Artesán cesteiro.

LUGAR:

Centro de Artesanía Tradicional

Rúa Subida ao Castelo, nº 10

Vigo

DURACIÓN, DATAS E HORARIO DO CURSO:

- Duración: 12 horas teórico – prácticas que serán repartidas en catro clases de tres horas cada unha.
- Datas e horario: os mércores do mes de febreiro (días 7, 14, 21 e 28) de 17:00 a 20:00 h.

Nº DE PRAZAS E PRAZO E MODO DE INSCRICIÓN:

- 10 prazas.
- Prazo de inscrición: do 5 ao 20 de xaneiro.
- As inscricións realizaranse, exclusivamente, de xeito presencial e por rigoroso orde, na recepción do Museo Liste no momento de formalizar o pago, podéndose habilitar unha lista de agarda se fose necesario.

PREZO:

- 10 euros por persoa (inclúe material).

FERRAMENTAS:

- Serán aportadas polo docente.

C.A.T (CENTRO DE ARTESANÍA TRADICIONAL)

CURSO

CICLO CESTOS DO MAR II: A PATELA DE TRAÍÑA

DESCRIPCIÓN DO CURSO:

Segundo monográfico do ciclo “Cestos do mar”. Nesta ocasión, a peza protagonista é a patela de traíña.

Realizada en madeira rachada de castiñeiro, salgueiro e carballo. Traballo propio dos chamados canasteiros ou pateiros de Vigo e Redondela dedicados case en exclusiva a realización desta peza de cestería.

Cesta emblemática utilizada nas actividades portuarias das Rías Baixas para o transporte e a venda do peixe ata hai ben pouco.

OBXECTIVOS:

- Achegamento ao mundo da cestería mediante a aprendizaxe de distintas técnicas tradicionais de trenzado e tecido das fibras vexetais.
- Creación dunha peza de cestería do mar: a patela de traíña.

PROGRAMA:

1º día:

Introdución teórica: A cestería do mar: explicación e mostra das distintas pezas que se practicaban no litoral galego, os paxes e carabelos da Mariña Lucense, pasando polos cestóns do Morrazo, as cabazas de Noia e os paxes de Carballo, sen esquecer as nasas e os viveiros. Faremos un especial fincapé na patela: os distintos tipos, nomes, usos, procedencia...

Clase práctica: A preparación dos materiais: nesta clase faremos unha práctica do rachado e labrado da madeira. Cada participante poderá experimentar coas súas mans a elaboración e preparación da materia prima necesaria para a composición da cestería de madeira rachada.

2º día:

Clase práctica: O fondo damero: comezo da base da patela coa técnica característica deste tipo de cestería. O entretocado das láminas, coxas, costelas,...de madeira de castaño é a técnica cesteira neste tipo de pezas.

3º día:

Clase práctica: Erguer a patela: logo de facer o fondo continúa a peza dándosele a volta para erguer así as paredes cunha técnica distinta ao comezo. Empregando agora coxas máis estreitas, teremos os laterais da cesta, tendo especial conta nas medidas correctas da patela de traíña.

4º día:

Clase práctica: O remate: ven definido pola boca da patela, parte onde se inserta o aro como peche. Esta é unha parte moi importante, pois o aro ben colocado é o que lle imprime a forza e duración á peza.



DOCENTE:

- Rubén Berto Covelo. Artesán cesteiro.

LUGAR:

Centro de Artesanía Tradicional

Rúa Subida ao Castelo, nº 10

Vigo

DURACIÓN DO CURSO:

- Duración: 12 horas teórico – prácticas que serán repartidas en catro clases de tres horas cada unha.
- Datas e horario: os mércores do mes de marzo (días 7, 14, 21 e 28) de 17:00 a 20:00 h.

Nº DE PRAZAS, PRAZO E MODO DE INSCRICIÓN:

- 10 prazas.
- Prazo de inscrición: do 5 ao 20 de xaneiro.
- As inscricións realizaranse, exclusivamente, de xeito presencial e por rigoroso orde, na recepción do Museo Liste no momento de formalizar o pago, podéndose habilitar unha lista de agarda se fose necesario.

PREZO:

- 10 euros por persoa (inclúe material).

FERRAMENTAS:

- Serán aportadas polo docente.